

A CONSELLERÍA CONDENA Á EXCLUSIÓN A MÁIS DE 2.000 ALUMNAS/OS

Outra volta de porca no desmantelamento do ensino público

Neste curso 2013-2014 estanse impartindo na Galiza un total de 300 PCPIs, con implantación en case todos os IES (agás nalgúns cidades), o que significa que teñen unha presenza e distribución xeográfica moi ampla. Os PCPI concebíronse como unha medida de atención á diversidade, ofrecendo, grazas á súa estrutura, unha grande versatilidade e capacidade para adaptárense ás diferentes necesidades do alumnado e á diferente organización dos centros educativos.

PCPI en cifras

Modalidade	Galiza	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Alumnado
A , en IES, CEE e CPR	146	45	19	20	61	2190
B , nos CIFP	25	14	4	3	4	325
C mixta	130	56	24	11	39	1950
Total	301	115	47	34	104	4515

Cos datos da táboa precedente á vista, é doado tirar algunhas conclusións sobre a implantación actual das distintas modalidades dos PCPIs:

1. A modalidade A é a **maioritaria** nos centros nos que ademais de ESO e Bacharelato se ofertan tamén Ciclos Formativos.
2. A modalidade B, impartida nos Centros Integrados de FP, é case **residual**: nalgún destes centros nen tan sequera se ofertaron os PCPIs das familias profesionais das que imparten Ciclos Formativos.
3. A modalidade C-mixta é a **máis espallada xeograficamente**. O potencial alumnado desta modalidade vai ser o máis perxudicado: a súa alternativa é a nova FP Básica Dual e, atendendo ao tecido empresarial galego, vai ser moi difícil a sinatura de convenios Educación-empresas. A algúns IES xa os informaron que ían ficar sen esta opción, sen lles ofrecer outra alternativa.

Para o vindeiro curso 2014-15 desaparecen os PCPIs porque se vai implantar a nova FP Básica. A menos de seis meses de que comece o novo curso, a comunidade educativa estamos no **desconcerto total**. Na Consellería aínda non saben como facer. Nos centros non saben que vai vai pasar co alumnado. As familias contan que a FP Básica cubra a oferta dos PCPI, mais isto é ben difícil.

En Galiza ofertábanse **39 perfís de PCPI**, contra os **14 Títulos Profesionais Básicos** aprobados até o de agora. Isto significa que van quedar familias profesionais sen oferta de ningún título da nova FP Básica.

Onde se vai implantar entón a FP Básica? O que parece certo é que vai ser nos CIFP, claro está (só 14 en toda Galiza), nos IES nos que haxa Ciclo Formativo da mesma familia e naqueloutros centros nos que xa están impartindo PCPI factíbeis de convertelos en FP Básica Dual. Aos centros educativos de localidades afastadas das cidades ou das vilas máis grandes (centros como os de Vimianzo, Trives, As Neves ou A Fonsagrada, por poñermos algúns exemplos), váiselles retirar a única oferta coa que contaban para que o alumnado en risco de exclusión non fiquen abandonado? Todo apunta a que si... De ser así, é esta outra etapa do afogamento da Galiza non urbana?

A Consellería di que a nova FP Básica vai asumir o 90% do alumnado potencial dos PCPIs. Como chegan a esta cifra? Ninguén é capaz de imaxinalo. Ou é que alguén acredita que se van ofertar **4515** prazas de FP Básica? Se nen tan sequera saben onde se vai implantar!

De mantérense estes criterios - desaparición dos PCPIs modalidade C mixta e máis dos de modalidade A que se imparten en IES nos que non hai Ciclo Formativo-, estamos a falar de **máis de 2.000 alumnas/os afectados**; estaríase, pois, **condenando á exclusión** ao alumnado que se atopa en situación educativa e, sobre todo, social máis precaria.